

Temporada  
de abono

06/03/26  
V14

25/26



Real Filharmonía de Galicia



SINFÓNICA  
DE GALICIA

Abono

**V14/30 años.**  
Mil emociones

📍 Palacio de la Ópera  
A Coruña

🕒 20h

## HISTORIAS DE LA HISTORIA – **30° ANIVERSARIO**

06/03/26  
**V14**

**ANTONÍN DVOŘÁK**

Obertura Carnaval, op. 92, B. 169 (10')

**WOLFGANG AMADEUS MOZART (1756-1791)**

Las bodas de Fígaro (4')

Obertura

**LUDWIG VAN BEETHOVEN (1770-1827)**

Sinfonía núm. 7 en La mayor (38')

1º movimiento: Poco sostenuto - Vivace

**OCTAVIO VÁZQUEZ (1972)**

Viudas de vivos y muertos

(concierto para gaita y orquesta) (6')

3º movimiento: Elas

**ANTÓN ALCALDE (1992)**

Spin

Encargo de la RFG (Proyecto Cometas).

Estreno absoluto

**MARY HOWE (1882-1964)**

Stars (4')

**GERÓNIMO GIMÉNEZ (1852-1923)**

La boda de Luis Alonso (5')

Intermedio

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Baldur Brönnimann, *director*

Ainhoa Apestegui *presentadora*

Nadia Vázquez *gaita*

Coro Sinfónica Galicia

## Grazas por estar aquí.

Hoxe celebramos algo máis ca un aniversario. Celebramos trinta anos de música compartida, emocións vividas en común e encontros arredor dun mesmo idioma: o da música.

A Real Filharmonía de Galicia naceu en 1996 co soño de converterse nun proxecto cultural vivo, conectado coa cidade e co país. Desde entón, xeracións de músicos e músicas, directores e directoras, compositoras e compositores, equipos técnicos, institucións colaboradoras e, sobre todo, o noso público fixeron posible unha traxectoria que hoxe é un referente en Galicia e máis alá.

Nestes anos medramos xuntos. Vivimos transformacións, ampliamos repertorios, impulsamos a creación contemporánea, desenvolvemos proxectos educativos e participativos e abrimos a orquestra a novos formatos e públicos. Baixo a guía de directores titulares como Helmuth Rilling —primeiro director titular e artístico da Real Filharmonía entre 1996 e 2000, recentemente falecido e sempre lembrado pola súa fonda pegada artística e humana—, Antoni Ros Marbà e Paul Daniel, e coa valiosa achega do director asociado Maximino Zumalave, a orquestra foi construíndo unha identidade propia: próxima, curiosa, flexible e en constante evolución.

Queremos expresar o noso máis profundo agradecemento a todas as persoas que fan posible a vida da Real Filharmonía de Galicia. Aos músicos e músicas, que con talento, entrega e paixón transforman cada partitura en emoción, e aos directores e directoras que guían con inspiración e rigor cada ensaio e concerto. E tamén ao persoal técnico e administrativo, cuxo traballo discreto, constante e imprescindible garante que cada actuación se desenvolva con precisión e excelencia, que cada proxecto se faga realidade. Sen o esforzo conxunto de todas estas persoas, visibles e invisibles, a nosa orquestra non sería o que é hoxe: un proxecto vivo, colaborativo e apaixonante.

Desde 2023, esta traxectoria continúa baixo a dirección de Baldur Brönnimann, actual director titular e artístico, quen impulsa unha etapa marcada pola renovación, o compromiso coa diversidade e a inclusión, a apertura a novos proxectos e colaboracións e unha conexión cada vez máis estreita cos públicos.

Se algo define estes 30 anos é, sobre todo, a relación coas persoas que nos acompañades concerto tras concerto. Porque unha orquestra non existe sen o público que a escoita. Cada aplauso, cada silencio compartido, cada noite no Auditorio forma parte da nosa historia.

Este concerto é, por enriba de todo, unha celebración convosco: do camiño percorrido e tamén do que está por vir. Queremos seguir sendo unha orquestra viva, aberta á diversidade, comprometida coa creación, coa formación das novas xeracións e co diálogo entre músicas, épocas e culturas.

**Grazas por formar parte destes 30 anos. Xuntos seguiremos facendo historia.**

## Gracias por estar aquí.

Hoy celebramos algo más que un aniversario. Celebramos treinta años de música compartida, emociones vividas en común y encuentros en torno a un mismo idioma: el de la música.

La Real Filharmonía de Galicia nació en 1996 con el sueño de convertirse en un proyecto cultural vivo, conectado con la ciudad y con el país. Desde entonces, generaciones de músicos y músicas, directores y directoras, compositoras y compositores, equipos técnicos, instituciones colaboradoras y, sobre todo, nuestro público han hecho posible una trayectoria que hoy es un referente en Galicia y más allá.

En estos años hemos crecido juntos. Hemos vivido transformaciones, ampliado repertorios, impulsado la creación contemporánea, desarrollado proyectos educativos y participativos y abierto la orquesta a nuevos formatos y públicos. Bajo la guía de directores titulares como Helmuth Rilling —primer director titular y artístico de la Real Filharmonía entre 1996 y 2000, recientemente fallecido y siempre recordado por su profunda huella artística y humana—, Antoni Ros Marbà y Paul Daniel, y con la valiosa aportación del director asociado Maximino Zumalave, la orquesta ha ido construyendo una identidad propia: cercana, curiosa, flexible y en constante evolución.

Queremos expresar nuestro más profundo agradecimiento a todas las personas que hacen posible la vida de la Real Filharmonía de Galicia. A los músicos y músicas, que con talento, entrega y pasión transforman cada partitura en emoción, y a los directores y directoras que guían con inspiración y rigor cada ensayo y concierto. Y también al personal técnico y administrativo, cuyo trabajo discreto, constante e imprescindible garantiza que cada actuación se desarrolle con precisión y excelencia, que cada proyecto se haga realidad. Sin el esfuerzo conjunto de todas estas personas, visibles e invisibles, nuestra orquesta no sería lo que es hoy: un proyecto vivo, colaborativo y apasionante.

Desde 2023, esta trayectoria continúa bajo la dirección de Baldur Brönnimann, actual director titular y artístico, quien impulsa una etapa marcada por la renovación, el compromiso con la diversidad y la inclusión, la apertura a nuevos proyectos y colaboraciones y una conexión cada vez más estrecha con los públicos.

Si algo define estos 30 años es, sobre todo, la relación con las personas que nos acompañáis concierto tras concierto. Porque una orquesta no existe sin el público que la escucha. Cada aplauso, cada silencio compartido, cada noche en el Auditorio forma parte de nuestra historia.

Este concierto es, por encima de todo, una celebración con vosotros: del camino recorrido y también del que está por venir. Queremos seguir siendo una orquesta viva, abierta a la diversidad, comprometida con la creación, con la formación de las nuevas generaciones y con el diálogo entre músicas, épocas y culturas.

**Gracias por formar parte de estos 30 años. Juntos seguiremos haciendo historia.**

Chegou o gran día: o concerto sorpresa co que a Real Filharmonía celebra o seu 30 aniversario. Esta noite assistiremos a unha auténtica festa musical na que visitarán o Auditorio convidados moi especiais e vellos amigos da orquestra, para ofrecernos unha especie de «menú degustación» formado por fragmentos de obras de autores de latitudes e épocas ben diversas.

O primeiro que escoitaremos é a abertura de *As vodas de Fígaro* KV.492 de Wolfgang Amadeus Mozart (1756-1791), unha das figuras centrais do Clasicismo xunto con Haydn e Beethoven. Aínda que a súa estrea no Burgtheater de Viena o 1 de maio de 1786 non foi demasiado exitosa, a día de hoxe é unha das óperas máis representadas a nivel mundial. Trátase dunha ópera bufa, é dicir, de carácter cómico, que aborda as intrigas amorosas entre nobres e plebeos e que marca o inicio da colaboración entre Mozart e o libretista Lorenzo da Ponte, co que tamén faría *Don Giovanni* e *Così fan tutte*. Da Ponte adaptou como libreto unha polémica novela do escritor francés Pierre C. de Beaumarchais, *La folle journée, ou Les noces de Figaro*, que fora prohibida en distintas cortes europeas polo seu contido antiabsolutista e antinobiliario. *As vodas de Fígaro* divídese en catro actos precedidos pola abertura, destinada unicamente á orquestra, sen intervención das voces, e que serve para introducirmos no clima desenfadado e fresco da ópera. Escrita en Re maior e cunha indicación de tempo presto, presenta unha estrutura de forma sonata sen desenvolvemento. Na exposición escoitamos o primeiro tema nas cordas e no fagot, unha especie de murmuro en pianísimo de carácter sinuoso e logo un segundo tema que se divide en dúas partes. Tras isto, unha transición dá paso directamente á recapitulación, cos mesmos temas que xa se escoitaron. Unha coda (sección final) pecha a abertura.

Seguidamente, a orquestra interpretará o primeiro movemento da Sinfonía núm. 7 en La maior, op. 92 de Ludwig van Beethoven (1770-1827). Esta obra pertence ao período intermedio da traxectoria do compositor, no que comeza a súa transición desde o Clasicismo cara a un novo estilo, o Romanticismo, ao igual que a maioría das demais sinfonías (desde a 3ª á 8ª), o Concerto para violín, o Concerto núm. 5 para piano «Emperador» ou a súa única ópera, *Fidelio*. Trátase dunha obra de carácter vitalista que Beethoven iniciou en 1811 en Teplice, cidade balneario preto de Praga frecuentada pola alta sociedade e a intelectualidade daquela época, e que rematou en 1812. A estrea tivo lugar o 8 de decembro de 1813 en Viena, por unha orquestra dirixida polo propio compositor e conformada por importantes músicos como Salieri, Spohr, Romberg, Dragonetti ou Meyerbeer, nun clima de patriotismo e ledicia que invadía a cidade tras a derrota de Napoleón fronte aos exércitos liderados por Wellington. O primeiro movemento comeza cunha introdución lenta (*Poco sostenuto*) que, aínda que se inicia nun estado de quietude, non está exenta de certo dramatismo e conflito. A súa parte final, coa repetición insistente dunha mesma nota, funciona como substrato do *Vivace* que vén a continuación e que presenta unha estrutura de forma sonata: exposición con dous temas, desenvolvemento, recapitulación

dos temas da primeira sección e, finalmente, unha gran coda para pechar. O movemento está dominado por un ritmo ternario de danza popular (ise) e pola presenza de bordóns nos graves que, no noso contexto, nos recordará, sen dúbida, á muiñeira.

O terceiro «petisco musical» é a obra *Stars* de Mary Howe (1882-1964), interpretada por primeira vez en España pola RFG hai tan só unhas semanas. Howe foi unha importante compositora, pianista e mecenas musical natural de Washington D.C. Compuxo *Stars* en 1927 inicialmente para piano só e logo orquestrouna, como moitas das súas obras, das que existen diversas versións. É un poema sinfónico —xénero que xorde no Romanticismo dentro da música programática, é dicir, aquela que fai referencia a un elemento extramusical— en miniatura que dura pouco máis de tres minutos. Neste caso, a inspiración da compositora foi a contemplación da noite sentada nos soportais da súa casa. Howe explica que con *Stars* pretendeu «evocar o ceo e o efecto gradualmente abafador da cúpula dunha noite estrelada: a súa paz, beleza e espazo (...) As cordas abren a obra coa suxestión da inmensidade que se estende pola bóveda estrelada. A medida que a música avanza, a imaxinación déixase levar pola contemplación das impresionantes profundidades do espazo e a sensación de misterio e infinidade que o home compara coa súa insignificancia».

A continuación, chega o momento de dous compositores da terra: Octavio Vázquez e Antón Alcalde. Vázquez naceu en Santiago de Compostela en 1972 e desde 1992 reside en Nova York, onde é profesor e director do programa de composición na Universidade Nazareth College de Rochester. A súa música foi interpretada por todo o mundo por importantes directores. Hoxe escoitaremos o terceiro movemento da súa obra *Vivúvas de vivos e mortos*, titulado «Elas». Trátase dun concerto para gaita e orquestra que foi encargado por Cristina Pato en 2014 como parte do seu proxecto *Gaita and Orchestra Commissioning Project*, financiado por New Music USA, co que pretende aumentar o repertorio sinfónico para o seu instrumento. O título retrotráenos ao universo rosaliano, concretamente ao libro V de *Follas novas* (1880), e pretende ser unha homenaxe ás «mulleres galegas no tempo», especialmente ás esposas dos emigrantes que quedaron soas ao cargo de familias enteiras. No eido musical, o compositor incorpora a tradición galega que mestura con novas sonoridades, como un continuo en evolución («atendemos ao pasado, pero tamén temos a mirada posta no futuro»).

Natural de Rianxo, Antón Alcalde (1992) é compositor, director e autoeditor afincado en Taiwán. Conta con numerosos premios nacionais e internacionais de composición, salientando o “Xavier Montsalvatge” no prestixioso XXXV Premio Jóvenes Compositores Fundación SGAE-CNDM, o premio especial “Juventudes Musicales de España” no mesmo concurso que se materializa no rol de compositor residente durante a tempada 2025–2026, e a mención de honra obtida no recoñecido XXXII Concorso di Composizione Originale per Banda (Corciano, Italia). As súas obras foron interpretadas por importantes orquestras e bandas en máis de 35 países. Esta noite realizarase a estrea mundial da súa nova obra *Spin*. Alcalde explica que «Spin é unha palabra pequena para un misterio

fundamental. No corazón das partículas máis elementais, agochada no silencio do baleiro, hai unha danza que non se ve nin se detén: un xiro interno, sen forma nin eixe, que define a identidade da materia. Como se cada partícula levase en si mesma un recordo de movemento, un xiro primordial que conecta o infinitamente pequeno co xesto universal das estrelas». Con esta idea como pretexto, a obra consiste nunha serie de seis variacións precedidas por unha introdución na que se nos presenta de maneira fragmentada o material temático que se vai someter a distintas permutacións. Este material musical é o *Epitafio de Seikilos*, considerada a composición máis antiga conservada (ca. s. I d.C.), que funciona aquí como elemento primordial en forma de danza.

Continuamos a nosa particular degustación co Intermedio de *A voda de Luís Alonso ou A noite do encerro* de Gerónimo Giménez (1852-1923), compositor andaluz coñecido como «o músico do garbo». A obra no seu conxunto é un sainete cómico pertencente ao xénero chico, subxénero de zarzuela nun só acto que dominou os teatros españois do último cuarto do século XIX e que tivo connotacións nacionalistas e idiosincráticas de carácter popular fronte á ópera italiana, máis asociada á aristocracia e ás clases sociais altas. Con texto de Javier de Burgos, *A voda de Luís Alonso* é unha das obras máis famosas do seu xénero e constitúe a segunda parte dun díptico de Giménez, sendo a primeira *O mundo comedia é ou O baile de Luís Alonso*. Estreouse no Teatro da Zarzuela en Madrid o 27 de xaneiro de 1897. A historia está inspirada nun profesor de baile gaditano e divídese en tres cadros nos que se contan as aventuras e desventuras da voda entre o profesor e unha rapaza nova, María Jesús. O extracto máis popular da obra é o Intermedio, fragmento instrumental que se interpreta con frecuencia como obra independente, tal e como fará esta noite a RFG. A partitura supón un retrato costumista e cómico que mestura ritmos típicos como a habaneira, a seguidilla, o bolero e trazos do cante jondo.

A última obra deste programa especial é a *Abertura Entroido*, op. 92, B.169 de Antonín Dvořák (1841-1904), o compositor máis importante do nacionalismo checo, que fundiu na súa obra a tradición clásica europea, o folclore do seu país e, posteriormente, tras a súa marcha aos Estados Unidos, influencias daquela terra de acollida. A abertura forma parte dunha triloxía que o autor denominou *Natureza, vida e amor* xunto con outros dous títulos: *Na natureza*, op. 91, e *Otelo*, op. 93. As tres foron compostas entre 1891 e 1892 e estreadas o 28 de xullo de 1892 de forma conxunta en Praga baixo a dirección do compositor. Este concerto serviu como despedida europea de Dvořák antes de partir a Nova York para asumir a dirección do Conservatorio Nacional de Música e foi tamén o seu primeiro programa ao outro lado do Atlántico no Carnegie Hall. A *Abertura Entroido* arranca cunha enerxía desbordante que evoca a alegría, as danzas e os berros asociados a esta festa pagá con tanta pegada na nosa terra. Posteriormente, hai unha sección intermedia que convida á reflexión vital: o lírico, a meditación, o pesimismo. O espírito brillante do entroido retómase de novo cara ao final da peza para pechala. Conclúe así este concerto para celebrar e desfrutar, aínda que se cadra quede algunha sorpresa máis por desvelar...

## HISTORIAS DE LA HISTORIA

---

Llegó el gran día: el concierto sorpresa con el que la Real Filharmonía celebra su 30 aniversario. Esta noche asistiremos a una auténtica fiesta musical en la que visitarán el Palacio de la Ópera invitados muy especiales y viejos amigos de la orquesta, para ofrecernos una especie de «menú degustación» formado por fragmentos de obras de autores de latitudes y épocas muy diversas.

El primero que escucharemos es la obertura de *Las bodas de Fígaro* KV.492 de Wolfgang Amadeus Mozart (1756-1791), una de las figuras centrales del Clasicismo junto con Haydn y Beethoven. Aunque su estreno en el Burgtheater de Viena el 1 de mayo de 1786 no fue demasiado exitoso, a día de hoy es una de las óperas más representadas a nivel mundial. Se trata de una ópera bufa, es decir, de carácter cómico, que aborda las intrigas amorosas entre nobles y plebeyos y que marca el inicio de la colaboración entre Mozart y el libretista Lorenzo da Ponte, con quien también realizaría *Don Giovanni* y *Così fan tutte*. Da Ponte adaptó como libreto una polémica novela del escritor francés Pierre C. de Beaumarchais, *La folle journée, ou Les noces de Figaro*, que había sido prohibida en distintas cortes europeas por su contenido antiabsolutista y antinobiliario. *Las bodas de Fígaro* se divide en cuatro actos precedidos por la obertura, destinada únicamente a la orquesta, sin intervención de las voces, y que sirve para introducirnos en el clima desenfadado y fresco de la ópera. Escrita en Re mayor y con indicación de tempo presto, presenta una estructura en forma sonata sin desarrollo. En la exposición escuchamos el primer tema en las cuerdas y el fagot, una especie de murmullo en pianísimo de carácter sinuoso, y después un segundo tema dividido en dos partes. Tras ello, una transición da paso directamente a la recapitulación, con los mismos temas ya escuchados. Una coda (sección final) cierra la obertura.

Seguidamente, la orquesta interpretará el primer movimiento de la Sinfonía núm. 7 en La mayor, op. 92 de Ludwig van Beethoven (1770-1827). Esta obra pertenece al período intermedio de la trayectoria del compositor, en el que comienza su transición desde el Clasicismo hacia un nuevo estilo, el Romanticismo, al igual que la mayoría de las demás sinfonías (de la 3ª a la 8ª), el Concierto para violín, el Concierto núm. 5 para piano «Emperador» o su única ópera, *Fidelio*. Se trata de una obra de carácter vitalista que Beethoven inició en Teplice, ciudad balneario cercana a Praga frecuentada por la alta sociedad y la intelectualidad de la época, y que finalizó en 1812. El estreno tuvo lugar el 8 de diciembre de 1813 en Viena, con una orquesta dirigida por el propio compositor y formada por importantes músicos como Salieri, Spohr, Rombert, Dragonetti o Meyerbeer, en un clima de patriotismo y alegría que invadía la ciudad tras la derrota de Napoleón frente a los ejércitos liderados por Wellington. El primer movimiento comienza con una introducción lenta (Poco sostenuto) que, aunque se inicia en un estado de quietud, no está exenta de cierto dramatismo y conflicto. Su parte final, con la repetición insistente de una misma nota, funciona como sustrato del Vivace que viene a continuación y que presenta una estructura en forma sonata: exposición con dos temas, desarrollo, recapitu-

lación de los temas de la primera sección y, finalmente, una gran coda para cerrar. El movimiento está dominado por un ritmo ternario de danza popular (ise) y por la presencia de bordones en los graves que, en nuestro contexto, nos recordará sin duda a la muífeira.

El tercer «bocado musical» es la obra *Stars* de Mary Howe (1882-1964), interpretada por primera vez en España por la RFG hace tan solo unas semanas. Howe fue una importante compositora, pianista y mecenas musical natural de Washington D.C. Compuso *Stars* en 1927 inicialmente para piano solo y posteriormente la orquestó, como muchas de sus obras, de las que existen diversas versiones. Es un poema sinfónico —género que surge en el Romanticismo dentro de la música programática, es decir, aquella que hace referencia a un elemento extramusical— en miniatura que dura poco más de tres minutos. En este caso, la inspiración de la compositora fue la contemplación de la noche sentada en los soportales de su casa. Howe explica que con *Stars* pretendió «evocar el cielo y el efecto gradualmente abrumador de la cúpula de una noche estrellada: su paz, belleza y espacio (...) Las cuerdas abren la obra con la sugerencia de la inmensidad que se extiende por la bóveda estrellada. A medida que la música avanza, la imaginación se deja llevar por la contemplación de las impresionantes profundidades del espacio y la sensación de misterio e infinitud que el hombre compara con su insignificancia».

A continuación, llega el turno de dos compositores de la tierra: Octavio Vázquez y Antón Alcalde. Vázquez nació en Santiago de Compostela en 1972 y desde 1992 reside en Nueva York, donde es profesor y director del programa de composición en la Universidad Nazareth College de Rochester. Su música ha sido interpretada en todo el mundo por importantes directores. Hoy escucharemos el tercer movimiento de su obra *Víuvas de vivos e mortos*, titulado «Elas». Se trata de un concierto para gaita y orquesta encargado por Cristina Pato en 2014 como parte de su proyecto *Gaita and Orchestra Commissioning Project*, financiado por New Music USA, con el que pretende aumentar el repertorio sinfónico para su instrumento. El título nos remite al universo rosaliano, concretamente al libro V de *Follas Novas* (1880), y pretende ser un homenaje a las «mujeres gallegas en el tiempo», especialmente a las esposas de los emigrantes que quedaron solas al frente de familias enteras. En el plano musical, el compositor incorpora la tradición gallega que mezcla con nuevas sonoridades, como un continuo en evolución («atendemos al pasado, pero también tenemos la mirada puesta en el futuro»).

Natural de Rianxo, Antón Alcalde (1992) es compositor, director y autoeditor afincado en Taiwán. Cuenta con numerosos premios nacionales e internacionales de composición, destacando el “Xavier Montsalvatge” en el prestigioso XXXV Premio Jóvenes Compositores Fundación SGAE-CNDM, el premio especial “Juventudes Musicales de España” en el mismo concurso que se materializa en el rol de compositor residente durante la temporada 2025–2026, y la mención de honor obtenida en el reconocido XXXII Concorso di Composizione Originale per Banda (Corciano, Italia). Sus obras han sido interpretadas por importantes orquestas y bandas en más de 35 países. Esta noche tendrá lugar el estreno mundial de su nueva obra *Spin*. Alcalde explica que «Spin es una palabra pequeña para un misterio

fundamental. En el corazón de las partículas más elementales, escondida en el silencio del vacío, hay una danza que no se ve ni se detiene: un giro interno, sin forma ni eje, que define la identidad de la materia. Como si cada partícula llevara en sí misma un recuerdo de movimiento, un giro primordial que conecta lo infinitamente pequeño con el gesto universal de las estrellas». Con esta idea como pretexto, la obra consiste en una serie de seis variaciones precedidas por una introducción en la que se presenta de manera fragmentada el material temático que se someterá a distintas permutaciones. Este material musical es el *Epitafio de Seikilos*, considerada la composición más antigua conservada (ca. s. I d.C.), que funciona aquí como elemento primordial en forma de danza.

Continuamos nuestra particular degustación con el Intermedio de *La boda de Luis Alonso o La noche del encierro* de Gerónimo Giménez (1852-1923), compositor andaluz conocido como «el músico del garbo». La obra en su conjunto es un sainete cómico perteneciente al género chico, subgénero de zarzuela en un solo acto que dominó los teatros españoles del último cuarto del siglo XIX y que tuvo connotaciones nacionalistas e idiosincráticas de carácter popular frente a la ópera italiana, más asociada a la aristocracia y las clases altas. Con texto de Javier de Burgos, *La boda de Luis Alonso* es una de las obras más famosas de su género y constituye la segunda parte de un díptico de Giménez, siendo la primera *El mundo comedia es o El baile de Luis Alonso*. Se estrenó en el Teatro de la Zarzuela de Madrid el 27 de enero de 1897. La historia está inspirada en un profesor de baile gaditano y se divide en tres cuadros en los que se narran las aventuras y desventuras de la boda entre el profesor y una joven, María Jesús. El fragmento más popular de la obra es el Intermedio, pieza instrumental que se interpreta con frecuencia como obra independiente, tal y como hará esta noche la RFG. La partitura supone un retrato costumbrista y cómico que mezcla ritmos típicos como la habanera, la seguidilla, el bolero y rasgos del cante jondo.

La última obra de este programa especial es la *Obertura Carnaval*, op. 92, B.169 de Antonín Dvořák (1841-1904), el compositor más importante del nacionalismo checo, que fundió en su obra la tradición clásica europea, el folclore de su país y, posteriormente, tras su marcha a Estados Unidos, influencias de aquella tierra de acogida. La obertura forma parte de una trilogía que el autor denominó *Naturaleza, vida y amor* junto con otros dos títulos: *En la naturaleza*, op. 91, y *Otelo*, op. 93. Las tres fueron compuestas entre 1891 y 1892 y estrenadas el 28 de julio de 1892 conjuntamente en Praga bajo la dirección del compositor. Este concierto sirvió como despedida europea de Dvořák antes de partir a Nueva York para asumir la dirección del Conservatorio Nacional de Música y fue también su primer programa al otro lado del Atlántico en el Carnegie Hall. La *Obertura Carnaval* arranca con una energía desbordante que evoca la alegría, las danzas y los gritos asociados a esta fiesta pagana con tanta presencia en nuestra tierra. Posteriormente, hay una sección intermedia que invita a la reflexión vital: lo lírico, la meditación, el pesimismo. El espíritu brillante del carnaval se retoma de nuevo hacia el final de la pieza para cerrarla. Concluye así este concierto para celebrar y disfrutar, aunque quizá quede alguna sorpresa más por desvelar...

**Carne Tubío Barreira.**

## Baldur Brönnimann

director

---

Director musical e artístico da Real Filharmonía de Galicia. Naceu en Suíza e reside en Madrid dende hai máis de 13 anos, Brönnimann formouse na Academia de Música da Cidade de Basilea e no Royal Northern College of Music de Manchester, onde posteriormente foi nomeado titor visitante de dirección.

Baldur é unha persoa profundamente comprometida coa relevancia da música clásica na sociedade e coa creación actual, moi activo como comisario de novas obras, de diferentes festivais e ciclos, así como coa divulgación e formación de novos músicos e público.

A súa carreira como director artístico e musical comeza coa dirección titular da Orquesta Sinfónica Nacional de Colombia en Bogotá, posto que ocupou entre os anos 2008 e 2012. Entre 2011 e 2015 asumiu a dirección artística de BIT20, principal conxunto de música contemporánea de Noruega. Ademais, entre 2014 e 2020 foi director principal da Orquesta Sinfónica do Porto Casa da Música á que segue regresando cada temporada tras un exitoso mandato.

Nos últimos anos, entre 2016 e 2023, tamén liderou a Sinfonietta de Basilea, orquestra onde dirixe programas que combinan obras contemporáneas co repertorio estándar, nunha procura constante para desafiar as convencións clásicas e explorar novas vías para a interpretación orquestral.

Brönnimann dirixiu salientables interpretacións de obras de compositores como Ligeti, Romitelli, Boulez, Vivier, Schnebel e Zimmerman en festivais como o Wien Modern, Darmstadt, Mostly Mozart no Lincoln Center e os Proms da BBC, e goza da máis alta consideración dalgúns dos compositores máis eminentes da actualidade, como Chin, Lachenmann e Saariaho. Nas últimas tempadas converteuse nun director moi demandado, e dirixiu a Filharmónica de Seúl, Filharmónica de Oslo, Sinfónica da WDR, Sinfónica de Barcelona, Filharmónica de Bergen, a Sinfónica da Radio de Viena e as orquestras de Cámara de Aurora e Múnic, entre outras.

Nos teatros de ópera, Brönnimann dirixiu *Le Grand Macabre* de Ligeti na English National Opera, a Komische Oper Berlin e o Teatro Colón (Bos Aires) tanto nas producións da Fura dels Baus como de Barrie Kosky, *A morte de John Adams de Klinghoffer* na English National Opera, *L'amour de loin* de Kaija Saariaho no Festival de Bergen e a Ópera de Noruega, e *Index of Metals* de Romitelli con Barbara Hannigan no Theater an der Wien de Viena. No Teatro Colón da Arxentina tamén dirixiu *Erwartung* de Schoenberg, Hagith de Szymanowski e *The Little Match Girl* de Helmut Lachenmann, co compositor como narrador, e *Die Soldaten* de Zimmermann.



Director musical y artístico de la Real Filharmonía de Galicia. Nacido en Suiza y residente en Madrid desde hace más de 13 años, Brönnimann se formó en la Academia de Música de la Ciudad de Basilea y en el Royal Northern College of Music de Mánchester, donde posteriormente fue nombrado profesor visitante de dirección.

Baldur es una persona profundamente comprometida con la relevancia de la música clásica en la sociedad y con la creación actual, muy activo como comisario de nuevas obras, de diferentes festivales y ciclos, así como en la divulgación y formación de nuevos músicos y público.

Su carrera como director artístico y musical comienza con la dirección titular de la Orquesta Sinfónica Nacional de Colombia en Bogotá, cargo que ocupó entre los años 2008 y 2012. Entre 2011 y 2015 asumió la dirección artística de BIT20, el principal conjunto de música contemporánea de Noruega. Además, entre 2014 y 2020 fue director principal de la Orquesta Sinfónica do Porto Casa da Música, a la que sigue regresando cada temporada tras un exitoso mandato.

En los últimos años, entre 2016 y 2023, también lideró la Sinfonietta de Basilea, orquesta donde dirige programas que combinan obras contemporáneas con el repertorio estándar, en una búsqueda constante de desafiar las convenciones clásicas y explorar nuevas vías para la interpretación orquestal.

Brönnimann ha dirigido interpretaciones destacadas de obras de compositores como Ligeti, Romitelli, Boulez, Vivier, Schnebel y Zimmermann en festivales como Wien Modern, Darmstadt, Mostly Mozart en el Lincoln Center y los Proms de la BBC, y goza del mayor reconocimiento por parte de algunos de los compositores más eminentes de la actualidad, como Chin, Lachenmann y Saariaho. En las últimas temporadas se ha convertido en un director muy solicitado, y ha dirigido a la Filarmónica de Seúl, Filarmónica de Oslo, Sinfónica de la WDR, Sinfónica de Barcelona, Filarmónica de Bergen, la Sinfónica de la Radio de Viena y las orquestas de Cámara de Aurora y Múnich, entre otras.

En los teatros de ópera, Brönnimann dirigió *Le Grand Macabre* de Ligeti en la English National Opera, la Komische Oper Berlin y el Teatro Colón (Buenos Aires), tanto en las producciones de La Fura dels Baus como de Barrie Kosky; *The Death of Klinghoffer* de John Adams en la English National Opera; *L'amour de loin* de Kaija Saariaho en el Festival de Bergen y la Ópera de Noruega; e *Index of Metals* de Romitelli con Barbara Hannigan en el Theater an der Wien de Viena. En el Teatro Colón de Argentina también dirigió *Erwartung* de Schoenberg, *Hagith* de Szymanowski y *The Little Match Girl* de Helmut Lachenmann, con el compositor como narrador, así como *Die Soldaten* de Zimmermann.

## Nadia Vázquez

gaita

---

A gaiteira e musettista Nadia Vázquez é unha instrumentista que destaca pola singularidade do seu perfil: unha formación académica rigorosa que une a tradición galega coa práctica historicista europea. É graduada en Instrumentos da Música Tradicional e Popular de Galicia e completou un máster especializado en musette barroca en Bélxica, un percorrido pouco habitual que lle permite transitar entre a linguaxe da gaita e os repertorios europeos dos séculos XVII e XVIII. Como solista participa con regularidade en festivais internacionais: actuou en Celtic Connections (Glasgow), Doedelzakdag in Muziekclub 't Ey (Bélxica) e en encontros especializados nos Balcáns, como o Međunarodni gajdaški festival (Croacia) e o Gajdovačka-Medzinárodný gajdošský festival (Eslovaquia). A súa traxectoria está avalada por premios en certames de referencia en Galicia, como o Concurso de Música Tradicional Xacarandaina (A Coruña) e o Concurso de Gaita e Tamboril de Tui, ademais do recoñecemento no Concurso de Cornamusa Solista Le Son Continu (Francia). No ámbito da música barroca colabora con formacións especializadas e participou co conxunto La Chapelle Harmonique na gravación da ópera Les Paladins de Jean-Philippe Rameau; o seu traballo neste eido foi distinguido co premio Tremplin(s) de investigación-creación na tempada 2022/23, convocado por Harmonia Sacra para novos intérpretes. Nos últimos anos actuou como solista en Las Noches del Monumental (RTVE) e na Quincena Musical de Donostia/San Sebastián, e foi convidada pola Real Filharmonía de Galicia para intervir como solista no concerto inaugural da tempada 2025/26. Alén da interpretación, desenvolve unha destacada actividade pedagóxica e divulgativa, impartindo clases maxistras de musette e participando como relatora en congresos e encontros internacionais dedicados á gaita.



La gaiteira y musettista Nadia Vázquez destaca por la singularidad de su perfil: una formación académica rigurosa que enlaza la tradición gallega con la práctica historicista europea. Es graduada en Instrumentos de la Música Tradicional y Popular de Galicia y completó un máster especializado en musette barroca en Bélgica, un recorrido poco habitual que le permite transitar entre el lenguaje de la gaita y los repertorios europeos de los siglos XVII y XVIII. Como solista participa con regularidad en festivales internacionales: ha actuado en Celtic Connections (Glasgow), Doedelzakdag in Muziekclub 't Ey (Bélgica) y en encuentros especializados en los Balcanes, como el Međunarodni gajdaški festival (Croacia) y el Gajdovačka-Medzinárodný gajdošský festival (Eslovaquia). Su trayectoria está avalada por premios en certámenes de referencia en Galicia, como el Concurso de Música Tradicional Xacarandaina (A Coruña) y el Concurso de Gaita y Tamboril de Tui, además del reconocimiento en el Concurso de Cornamusa Solista Le Son Continu (Francia). En el ámbito de la música barroca colabora con formaciones especializadas y participó con el conjunto La Chapelle Harmonique en la grabación de la ópera Les Paladins de Jean-Philippe Rameau; su trabajo en este campo fue distinguido con el premio Tremplin(s) de investigación-creación en la temporada 2022/23, convocado por Harmonia Sacra para nuevos intérpretes. En los últimos años ha actuado como solista en Las Noches del Monumental (RTVE) y en la Quincena Musical de Donostia/San Sebastián, y fue invitada por la Real Filharmonía de Galicia para intervenir como solista en el concierto inaugural de la temporada 2025/26. Además de su actividad interpretativa, desarrolla una destacada labor pedagógica y divulgativa, impartiendo clases magistrales de musette y participando como ponente en congresos y encuentros internacionales dedicados a la gaita.

## EQUIPO TÉCNICO - ADMINISTRATIVO

<b>Gerente</b>	Juan Antonio Cuéllar Sáenz
<b>Secretario-interventor</b>	Ángel David Murado Codesal
<b>Jefa de gestión económica</b>	María Salgado Porto
<b>Coordinadora general</b>	Ángeles Cucarella López
<b>Jefe de producción</b>	José Manuel Ageitos Calvo
<b>Jefe de prensa y comunicación</b>	Javier Álvarez Vizoso
<b>Contable</b>	José Antonio Anido Rodríguez
<b>Archivo musical</b>	Zita Tanasescu Kadar
<b>Programas didácticos</b>	Iván Portela López
<b>Administración</b>	Angelina Déniz García Noelia Reboredo Secades Ana María Ríos Pereiro María Belén Sánchez Carnota
<b>Gerencia y coordinación</b>	Inmaculada Sánchez Canosa
<b>Secretaría de producción</b>	Nerea Varela González
<b>Prensa y comunicación</b>	Lucía Sáñez Sanmartín
<b>Regidores</b>	Montse Bonhome Barreiro Daniel Rey Campaña
<b>Auxiliar de archivo</b>	Diana Romero Vila
<b>Coordinación coros de la OSG</b>	María García Sánchez
<b>Auxiliar de regidor</b>	David Barcón Goas

# Próximos programas

Abono  
**V15**/

 Palacio de la Ópera  
A Coruña

 20h

13/03/26

## **FERDINAND DAVID**

Concierto para trombón y orquesta, op. 4

## **NIKOLAI CHAIKIN**

Concierto para acordeón nº 1 en si bemol mayor

Javier Fernández Arias *trombón*

Nuno Estévez Pazó *acordeón*

José Trigueros *director*

# Concierto en familia

27/03/26

📍 Palacio de la Ópera  
A Coruña

🕒 20h

## LÚA- MUSICAL

Estreno OSG

Coro Joven de la OSG

Daniel G. Artés *director del coro*

Fernando Briones *director*

### EDITA

Consorcio para la Promoción  
de la Música

Glorieta de América, 3  
15004 A Coruña - Galicia - España  
T. 981 252 021

### DISEÑO TEMPORADA 25-26

Marta Cortacans

### MAQUETACIÓN

María Verín

### TRADUCCIÓN

Orquesta Sinfónica de Galicia

### FOTOGRAFÍA

@ Marco Borggreve

### IMPRIME

ABANCA

# SINFÓNICA DE GALICIA



*SON* **FUTURO**  
programa educativo de la sinfónica de galicia

**Orquesta Sinfónica de Galicia**  
**Consortio para la Promoción de la Música**

Calle Riazor, 8 - 1º - 15004 A Coruña  
981.25.20.21  
info@sinfonicadegalicia.com

**sinfonicadegalicia.com**

